



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa da deputada **Ana Belén Pontón Mondelo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa ao non pagamento con fondos públicos dos litixios da herdanza da Fundación Camilo José Cela.

A Xunta de Galiza ven dando un trato de favor escandaloso á Fundación Camilo José Cela en relación coas fundacións que salvagardan o legado de personalidades relevantes da cultura galega. Así, a Fundación Cela ten sido a fundación destas características que máis fondos públicos galegos ten recibido. Mesmo vimos con escándalo como con recursos da Xunta de Galiza se cubriron os desfalcos e negligente xestión dunha entidade privada. Finalmente, a Xunta de Galiza decidiu facer pública esta fundación para salvagardala da quebra. De feito é clamorosa a desigualdade de trato coa Fundación Rosalía de Castro, que recibe dez veces menos fondos públicos a pesar de promover e difundir a escritora fundacional da literatura galega contemporánea.

O BNG amosou a súa posición contraria a este trato de favor e advertiu no seu momento de moitas liñas difusas e confusas sobre o proceso de absorción para o sector público desta fundación. Un dos aspectos que sinalamos tiña a ver coa situación da herdanza de Cela e súa afección á Fundación. Recentemente tivemos coñecemento de que a xustiza daba a razón ao fillo de Cela e obrigaba á Fundación Camilo José Cela a entregar 1,1 millón de euros por considerar o tribunal que as donacións efectuadas en vida por Cela á Fundación perxudicaran os seus intereses. A Xunta afirmou publicamente que para o pago desta herdanza non se tocarán fondos públicos, dado que a fundación “tiña aprovisionados estes cartos nas súas contas desde fai catro anos”.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Porén chama a atención que esta circunstancia non sexa mencionada nos orzamentos remitidos ao Parlamento de Galiza. Coa finalidade de garantir que non se van usar ningún tipo de fondos públicos nin do fondo dotacional da Fundación, formulamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a que no pagamento da sentenza que obriga a Fundación Cela a abonar 1,1 millóns de euros polo litixio da herdanza non se empreguen fondos públicos nin se utilicen os bens que agora integran esta fundación pública.”

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2014

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz s. do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Belén Pontón Mondelo na data 05/11/2014 19:08:04**